

 Seminario Galán.org




*Sancho Galán*

Biografía

Día das letras galegas 2020

# **RICARDO CARVALHO CALERO**



**LETRAS GALEGAS 2020**

**BIOGRAFÍA**

# A INFANCIA EN FERROL



Ricardo Carvalho Calero naceu na cidade de Ferrol (A Coruña), na rúa San Francisco do Barrio Vello ferrolán, o 30 de outubro de 1910.

Foi o primeiro fillo do matrimonio formado por Gabriel Ricardo Carballo Naya e María Dolores Calero Beltrán.

No seu bautizo, celebrado na igrexa parroquial de Nosa Señora do Socorro, puxéronlle os nomes de Ricardo Leopoldo Ángel José Gerardo, aínda que na familia só se usaría o primeiro, Ricardo.

Tivo cinco irmáns máis: Mario, que morrería na infancia, Dolores, Josefina, Ángel, que tamén morreu de novo, e Gabriel.

Cando Ricardo tiña oito anos, morreu a súa nai por mor dun andazo, posiblemente de gripe.

Gabriel, o pai, casa en segundas nupcias cunha irmá da defunta, á vez madriña de Ricardo, que tamén falece pouco tempo despois.




HISTORIA da LITERATURA GALEGA. AS-PG



HISTORIA da LITERATURA GALEGA. AS-PG

Cos seus pais, Gabriel Ricardo e M<sup>a</sup> Dolores.



HISTORIA da LITERATURA GALEGA. AS-PG

Ricardo Carvalho Calero, con menos de nove meses, nunha postal enviada polos seus pais á súa tía Hortensia.

Os seus primeiros estudos realizounos nunha escola particular a carón da súa casa, a escola de dona Marina, á que chegou xa sabendo ler.

Posteriormente, pasou a realizar os estudos de bacharelato noutro colexio privado dirixido polo escritor Manuel Comellas. Estes estudos eran «*por libre*» polo que tiña que convalidalos cun exame nun centro oficial, entre outros, no *Instituto General y Técnico «Eusebio da Guarda»* da Coruña, así como en Lugo ou en Ciudad Real.

Aos 14 anos pasou a estudar na «*Academia San José*» co aquel de preparar a súa entrada na Escola Naval Militar da Mariña Española, de San Fernando (Cádiz), pero unha normativa do goberno de Miguel Primo de Rivera, esixía que para acceder á carreira militar os aspirantes tiñan que ter o bacharelato, polo que Ricardo tivo que voltar de novo ao colexio «*Sagrado Corazón de Jesús*», onde remataría os estudos de bacharelato con case quince anos.

Decide, libre de presións familiares e ambientais, renunciar á entrada nunha academia militar e dar o salto á Universidade de Santiago, onde cursará os estudos de Dereito.

Durante esta etapa da súa vida Ricardo comeza a escribir, sobre todo poesía e teatro.

Os seus primeiros poemas aparecen publicados na revista *Maruxa*, dirixida por Vicente Beltrán, curmán da súa nai.

A esta publicación seguiron outras nunha revista cubana, na revista *Vida Gallega* e no xornal *El Correo Gallego*.

Moitos destes poemas eran asinados por Ricardo con pseudónimos.



O escritor Manuel Comellas dirixiu o colexio privado onde Ricardo estudou o bacharelato.



As súas primeiras colaboracións en prensa foron, entre outras, na revista *Vida Gallega*.



Ao rematar os estudos de bacharelato e unha vez que ten claro que non quere ser militar decide seguir a carreira de Dereito na universidade compostelá.


Ricardo prefería estudar Filosofía e Letras pero, daquela, a carreira de Dereito tiña máis saídas profesionais, así que, aconsellado pola súa familia, decide estudar para avogado.

Licenciouse na primavera de 1931, despois de facer os cinco cursos da carreira en só catro anos. As súas notas foron moi boas: 14 matrículas, 3 sobresalientes e 1 notable. A cualificación final foi de sobresaliente.

No último curso da carreira, 1930-1931, recibe o encargo de pronunciar o discurso de inauguración do curso académico.

Pero o exercicio da avogacía non é un terreo no que se atope cómodo e oposita a un posto de profesor auxiliar de Dereito Penal e Procesal, que non consegue ao non obter a puntuación necesaria.

A finais de 1932 consegue acceder, por oposición, ao posto de funcionario municipal.




Ricardo Carvalho Calero

HISTORIA da LITERATURA GALEGA. AS-PG



Os primeiros estudos de Ricardo na universidade compostelá foron os de Dereito, na Facultade de Filosofía e Letras, onde acadou a cualificación de sobresaliente.



Ao chegar a Compostela Ricardo entrou a formar parte do Seminario de Estudos Galegos, da man do seu amigo Ramón Martínez López.

Este Seminario creárase na cidade de A Coruña, o 13 de abril de 1923, co obxectivo de estudar e divulgar o patrimonio e a cultura galega e tamén para formar investigadores.

Este Seminario estivo integrado por personalidades galegas da talla de Castelao, Risco, Otero Pedrayo, López Cuevillas, Cotarelo Valledor, Filgueira Valverde... cos que Ricardo compartiu actividades.

A primeira actividade na que participou no SEG foi nun curso impartido por Lois Tobío, o coordinador da Sección de Ciencias Sociais, Xurídicas e Económicas, sección na que se integraría Ricardo ao entrar a formar parte do Seminario. A participación nesta sección sería compatibilizada coa de «Historia da Literatura», que coordinaba Filgueira Valverde.

Durante a súa traxectoria no SEG desempeñou o cargo de conselleiro, secretario de actas e secretario xeral, entre outros.

O seu ingreso formal no Seminario realizouse o 29 de abril de 1927 e neste acto leu uns poemas da súa autoría co título «A door cantareira».

Coa chegada da Segunda República, en 1931, formouse un grupo de traballo, dentro do Seminario, para a elaboración dun Anteproxecto de Estatuto



Emblema do Seminario de Estudos Galegos, deseñado por Castelao.



Ricardo cun grupo de amigos.

HISTORIA da LITERATURA GALEGA. AS-PG

para Galiza. Neste grupo, formado por cinco persoas, está Carvalho Calero xunto a Alexandre Bóveda, Vicente Risco, Paz Andrade e Lois Tobío.

Neste Anteproxecto, de claro contido federalista, recoñecíase a Galiza como un estado libre dentro da República Española.

A posterior aprobación da Constitución da República non tivo en conta esta proposta, triunfando unha concepción máis unitaria do Estado Español. Despois de trece anos de actividade o Seminario foi disolto ao comezo da Guerra Civil, en 1936, e co seu patrimonio creouse, no ano 1944, o Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, cun cariz menos galeguista que o SEG.



O Seminario de Estudos Galegos, nunha foto de 1928. Ricardo Carvalho, na fila de atrás, é o quinto pola esquerda.



O servizo militar obrigatorio realizouno Carvalho Calero na cidade de Santiago, concretamente no Cuartel do Hórreo, destinado no Corpo de Artille-  
ría Montada. O tempo pasado no cuartel dedicouno, segundo as súas declaracións, a facer gardas, as prácticas de tiro simuladas, a cargar e disparar, tamén simuladamente, canóns. E, a pesares de estar nunha tropa de cabalería e ter que levar esporas a diario, non montou nunca a cabalo.

O 5 e 6 de decembro de 1931 celebrouse en Pontevedra a VII Asamblea Nacionalista, á que acudiron decenas de grupos e irmandades co obxectivo de crear o Partido Galeguista. Nesta asamblea decidiuse a disolución das Irmandades da Fala e a integración dos seus membros no novo partido. Neste acordo de constitución aparece o dereito á autodeterminación e a proposta de elaborar un Estatuto de Autonomía para Galicia. A esta primeira asamblea asistiu Carvalho Calero na que figura como un dos fundadores do novo partido.



HISTORIA da LITERATURA GALEGA. AS-PG

En Santiago, cumprindo o servizo militar, paseando pola Alameda con Fernández del Riego.



BOLETÍN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d'América e Portugal

A NOSA TERRA foi o voceiro do PG



Rematados os estudos universitarios de Dereito, Carvalho Calero voltou de novo a Ferrol onde colabora co «Centro Obrero de Cultura», organizando conferencias e levando a persoeiros da talla de Castelao ou Otero Pedrayo.

Pero o exercicio da avogacía non lle convence e decide seguir por libre os estudos de Filosofía e Letras na universidade compostelá o que lle obriga a realizar viaxes periódicas de Ferrol a Santiago para a realización dos exames.


Neste tempo tamén se presenta ás oposicións para funcionario administrativo que convoca o concello de Ferrol, acadando o primeiro posto.

Non deixa de traballar como militante do Partido Galeguista dando conferencias, discursos e publicando artigos periodísticos nos que Galiza e o ideario do partido están sempre presentes.

Ao ocupar o posto de funcionario afíliase ao Sindicato de Oficios Varios, dependente da Unión General de Trabaxadores e ligado ao PSOE.

En outubro de 1933 casa con María Ignacia Ramos, antiga compañeira de estudos da universidade. Na súa honra Ricardo pasará a usar o pseudónimo de «*Fernando Cadaval*», en referencia ao lugar de nacemento da súa muller, O Cádavo, no concello lugués de Baleira.

Dous anos despois aprobou a carreira de Filosofía e Letras e solicita a excedencia no concello para dedicarse a preparar as oposicións á docencia.



Ricardo coa súa muller, María Ignacia Ramos.

HISTORIA da LITERATURA GALEGA. AS-PG



Ricardo Carvalho Calero

HISTORIA da LITERATURA GALEGA. AS-PG



A finais de xuño de 1936 Ricardo Carvalho tomou en Lugo un tren para Madrid. Ía facer unhas probas para ingresar no profesorado oficial e deixaba na capital lucense á súa muller a piques de dar a luz á súa primeira filla.

O 28 de xuño votábase en Galiza o plebiscito para a aprobación do Estatuto de Autonomía. Na campaña previa participara Ricardo xunto con militantes e simpatizantes do Partido Galeguista. A votación pillouno na capital do Estado polo que non puido exercer o seu dereito ao voto.

O prebiscito foi aprobado e a delegación de compromisarios galegos, encabezados por Castelao, dirixiuse a Madrid para presentar estes resultados nas Cortes e na Presidencia da República. Con eles tivo Ricardo algunhas reunións, sacando tempo dos seus estudos preparatorios para ser profesor oficial.


O 18 de xullo dese ano iníciase a rebelión militar que vai dar orixe á Guerra Civil.

Galiza queda rapidamente en mans dos militares sublevados e en Madrid esta rebelión sofócase co sometemento do Cuartel da Montaña, epicentro do alzamento militar na capital.

Como consecuencia deste levantamento militar Ricardo non poderá voltar a Galicia nin ver á súa familia durante os seguintes cinco anos. Os seus recursos económicos tamén van minguando e terá dificultades para poder facer fronte aos seus gas-



Cartel de Castelao a favor do Estatuto de Autonomía de Galicia, en 1936.



Ricardo Carvalho Calero

tos de estancia na pensión na que residía na Rúa do Pez.

Diante do chamamento realizado aos profesores para a defensa da República, Ricardo alistouse como miliciano nun batallón do Quinto Reximento, organizado pola Federación de Trabaxadores de la Enseñanza (FETE) vinculado á UGT e ao PSOE.

A entrada en combate deste batallón realízase na defensa de Madrid, en Villaverde, na estrada de Andalucía e, posteriormente, no barrio de Usera.

Para solucionar a falta de oficiais do exército o goberno da República puxo en marcha numerosas escolas de formación, cunha duración breve, para cubrir a carencia de mandos militares. Para entrar nestas escolas de oficiais había que cumprir varias condicións: estar afiliado a un sindicato ou partido republicano, ser veterano en combate, ter informe positivo do comisario político do batallón e superar un exame de ingreso. Todas estas condicións cumpríaas Ricardo, polo que foi destinado á guarnición de Paterna, en Valencia, para formarse como oficial.

Despois de tres meses de instrución, consegue o grao de «*tenente en campaña*» e é destinado ao Noveno Corpo do Exército da República, en Úbeda, Jaén.

Neste destino, como consecuencia da súa titulación en Dereito, exerce de axudante xurídico, formando parte da Plana Maior do Exército de Andalucía e actuando como avogado defensor nun par de consellos de guerra.



Ricardo participou co batallón «Félix Bárzana», do Quinto Rexemento, na defensa de Madrid.



Cartel propagandístico do Quinto Rexemento, no que alistou voluntario Carvalho Calero.



O triunfo das tropas sublevadas pilla a Carvalho Calero no seu destino militar en Jaén. Sen posibilidade de fuxir, os militares republicanos réndense e son detidos á espera do correspondente Consello de Guerra.


Ás acusacións de participación na guerra súmanse no caso de Ricardo a súa condición de galeguista, polo que é acusado de «separatista» e a petición fiscal vai ser de cadea perpetua. Ao final foi condenado a doce anos e un día de reclusión maior ao non poder acreditarse que o Partido Galeguista fora separatista.

Era tal a cantidade de presos que non había cárceres abondo, así que as autoridades militares habilitaron novos centros penitenciarios.

A Ricardo tocoulle o antigo Convento de Santa Úrsula, na cidade de Jaén, primeiro compartindo unha sala colectiva cun gran número de reclusos e despois nunha celda cun grupo máis reducido.

Neste cárcere pasou o tempo escribindo poemas, todos en castelán, xa que a censura non permitía usar outro idioma aos reclusos nos seus escritos.

Dous anos despois da súa condena, o goberno de Franco concedeulle a liberdade condicional, coa obriga de presentarse periodicamente no cárcere de Ferrol. Era maio de 1941.



No convento de Santa Úrsula, en Úbeda, Xaén, reconvertido en cárcere polos militares golpistas, pasou Ricardo dous anos de reclusión.



Despois de ser excarcelado volta de novo a Ferrrol. A súa situación económica é moi precaria e vai sobrevivindo con algún traballo, case clandestino, como profesor en centros privados, xa que ao ter unha condena xudicial non pode acceder a ser profesor oficial.

Retoma a súa actividade literaria e remata catro obras de teatro: *Isabel*, *A sombra de Orfeu*, *Farsa das zocas* e *A árbore*. Tamén escribe *A gente na Barreira*, *Os señores da Pena* e *O lar de Clara*, sen deixar de escribir poesía e colaborar no xornal *La Noche* onde publica baixo o pseudónimo de «*Fernando Cadaval*».

En 1950 ofrécenlle a posibilidade de dirixir un centro de ensino en Lugo, o Colexio Fingoi. Como non pode exercer como director polos antecedentes penais, o propietario noméao Conselleiro Delegado do Patronato e neste cargo, simultaneado coa docencia, estará durante quince anos.

Este centro escolar, creado por Antonio Fernández López, tiña no seu ideario ser un centro pedagóxico renovador e enmarcado na realidade galega.

Pero o labor do Fingoi non se centrou tan só no estudantado senón que estendeu as súas actividades á formación de docentes e á creación dun centro de investigación lingüístico-literario galego, suplindo as carencias dos organismos oficiais neste eido. Así, durante estes



Con *Catro pezas*, Ricardo Carvalho retoma, despois da Guerra Civil, a súa actividade literaria.




Ricardo Carvalho con Álvaro Cunqueiro e Fernández Del Riego.

anos editaron libros da categoría de *Contos populares da provincia de Lugo*, en 1963, coas achegas do profesorado asistente a uns cursos agropecuarios organizados pola Inspección Provincial; *O cancionero de Pero Meogo*, en 1966, edición preparada por Méndez Ferrín; *La geada en la provincia de Lugo*, en 1965, de M<sup>a</sup> Pilar Santamaría... Dende a Editorial Galaxia, na que estaba integrado Ricardo, publicouse a súa *Historia da literatura galega contemporánea*. Unha publicación que, segundo palabras do autor, lle fora solicitada por Ramón Piñeiro.

A estadía de Ricardo Carvalho no colexio Fingoi quedou reflectida no seu libro poético *Salterio de Fingoy*, editado en 1961, e que consta de catro partes: *Salterio de Fingoi*, *Aneis de auga*, *Novelos de fantasmas* e *Oratorio*.

A súa etapa no Fingoi remata no ano 1965 coincidindo cos cambios legais ao respecto dos condenados en procesos derivados da Guerra Civil o que lle facilita o seu acceso á docencia nun centro público.



*Contos populares da provincia de Lugo* foi unha publicación do Centro de Estudos Fingoi, dirixido por Carvalho Calero.



Reunión da Xunta Directiva da Editorial Galaxia.

HISTORIA da LITERATURA GALEGA. AS-PG



Abelardo Moralejo, profesor da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago, propúxolle a Carvalho Calero impartir clases de Lingua e Literatura Galega de quinto curso na sección de Filoloxía Románica, unha asignatura que entraba por vez primeira nas aulas universitarias compostelás.

Ricardo aceptou este traballo que compatibilizou coa preparación das oposicións a profesor de Lingua Española e Literatura.

O 13 de outubro de 1965, na Facultade de Ciencias, impartiu a primeira lección da nova asignatura.

Unhas semanas despois, en Madrid, aproba as oposicións, sacando o número 1 do profesorado de Letras e solicita destino no Instituto Rosalía de Castro, de Santiago.

En 1966 aparece a primeira edición da súa *Gramática elemental del gallego común*, publicada pola editorial Galaxia e que o autor dedica, no seu prólogo, ao alumnado da Facultade e ao futuro profesorado de primaria.


Tamén é un dos redactores das *Normas Ortográficas e Morfolóxicas* editadas pola Real Academia Galega entre os anos 1970 e 1971.

No ano 1972 gañou a cátedra de Lingua e Literatura Galega na universidade compostelá.



Na Universidade de Santiago, con Álvaro Cunqueiro.

HISTORIA da LITERATURA GALEGA. AS-PG



A *Gramática elemental del gallego común*, editada en 1966, suplía a carencia de manuais modernos da nosa lingua.



Nos primeiros anos de funcionamento da Xunta de Galicia, en 1979, decidiuse a crear unha comisión para a elaboración dunhas normas de linguaxe administrativa.

O responsable de Educación e Cultura nomeou a Carvalho Calero presidente da comisión, ao ser o único catedrático universitario de Lingüística e Literatura Galega.

Este propuxo a creación dunha subcomisión para redactar unha proposta fundamental de normas. Esta subcomisión estaba formada por tres profesores da Facultade de Filoloxía: José Luís Rodríguez, Antón Santamaría e o mesmo Ricardo Carvalho Calero.

A proposta elaborada por estes tres profesores foi sometida a votación e apareceron dúas tendencias: a reintegracionista e a anti-reintegracionista. Moitas das normas da subcomisión daban solución de ambas tendencias, deixando en man dos falantes a utilización de calquera delas.


Despois da disolución desta comisión o Goberno da Xunta de Galicia, presidido por Gerardo Fernández Albor, deroga a normativa das normas de linguaxe administrativa. Esta normativa tentaba establecer unha concordia entre as dúas tendencias lingüísticas daquela.

A raíz desta decisión da Xunta, Carvalho vese marxinado, aínda que en 1984 a Xunta concédelle



En Santiago, co seu amigo Ramón Piñeiro López.

HISTORIA da LITERATURA GALEGA. AS-PG



Intervención no I Congreso Internacional de Lingua Galego-Portuguesa na Galiza, en 1984.

HISTORIA da LITERATURA GALEGA. AS-PG


a medalla «Castelao» en recoñecemento á súa obra literaria.

Tamén foi proposto por Filgueira Valverde, daquela membro do goberno galego, para formar parte do recén creado Consello da Cultura Galega, proposición que Ricardo rexeitou.

O reintegracionismo, defendido por Carvalho Calero, sostén a postura lingüística de que o galego é unha variedade da lingua portuguesa e propón a adopción dunha grafía baseada na norma portuguesa.

Toda esta normativa está recollida na libro *Estudo crítico das normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, editado en 1983, e coñecido como Norma AGAL.

Os traballos lingüísticos de Carvalho Calero a prol do reintegracionismo tamén quedaron recollidos, entre outras publicacións, en *Problemas da Lingua Galega*, *Da fala e da escrita* e *Do galego e da Galiza*.



No *Estudo Crítico das normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, recóllese toda a normativa reintegracionista.



HISTORIA da LITERATURA GALEGA. AS-PG

Ricardo Carvalho, no centro, con López Suevos e Manuel María, no I Congreso Internacional de Lingua Galego-Portuguesa na Galiza, celebrado en Ourense o 20 de setembro de 1984.



O 17 de maio de 1958 ingresou Ricardo na Real Academia Galega a proposta de Otero Pedrayo, López Cuevillas e Ferro Couselo.

O seu discurso de ingreso, lido no Salón de Actos do Pazo Municipal da Coruña, levaba por título *Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía* e foi contestado por Ramón Otero Pedrayo.

Ocupou a cadeira deixada ao seu falecemento por Marcelo Macías y García no ano 1941.

Cando en 1977 falece o presidente da Real Academia, Sebastián Martínez Risco, varias asociacións e entidades culturais propoñen a Carvalho Calero para a presidencia do organismo. Esta proposta é rexeitada por Ricardo, que non quere asumir ningún cargo, asemade a propia normativa da RAG imposibilitaba a súa candidatura xa que non residía en A Coruña e esta era unha das condicións para poder optar á presidencia da entidade.

Pero a proposta da súa candidatura provoca a oposición do grupo anti-reintegracionista que se estaba a configurar na RAG e que vían a Carvalho como un dos seus principais oponentes.

Finalmente, saíu electo como presidente Domingos García-Sabell.



O discurso de ingreso de Carvalho Calero na Real Academia Galega estivo dedicado ás fontes literarias de Rosalía de Castro.



O ingreso de Ricardo Carvalho na RAG realizouse no Salón de Plenos do Pazo Municipal da Coruña.



As primeiras obras literarias publicadas son os poemarios *Vieiros*, en 1931, que é o seu primeiro libro de poemas escrito en galego e *O silencio axionllado*, en 1934.


A estas publicacións de poemas sucédenlle *Anxo da terra*, 1950; *Poemas pendurados dun cabelo*, 1952; *Salterio de Fingoy*, 1961; *Pretérito imperfecto*, 1980, que é un volume antolóxico; *Cantigas de amigo e outros poemas*, 1986; *Reticências*, publicado en 1982...

En 1951 publicou a primeira obra en galego da posguerra, *A xente da Barreira*, que narra a historia dunha familia fidalga do noso mundo rural.


En *Scorpio*, 1987, narra as vicisitudes dos derrotados na Guerra Civil e que, en certos aspectos, ten un carácter autobiográfico.

Tamén escribiu teatro. En 1971 publica *Catro pezas: A sombra de Orfeo, Farsa das zocas, A arbre e Auto do prisioneiro*; e, en 1982, *Teatro completo*, que ademais das obras publicadas en *Catro pezas*, incluía *O fillo de Isabel, O redondel e Os xefes*.

É autor tamén da *Gramática elemental del gallego común*, editada en 1966. Nunha posterior reedición, a de 1979, modificou numerosos aspectos gramaticais e morfolóxicos achegándoos máis á ortografía portuguesa e poñendo o idioma portugués como referencia fundamental do idioma galego.



*O silencio axionllado*, de 1934, é o seu primeiro libro de poemas en galego.



*Teatro Completo*, publicado en 1982, recolle todas as obras escritas por Ricardo Carvalho.

## TRES TEXTOS





Acabaramos por pasar os veráns á beira do mar, nunha casa con horta, terraza e curro. Voltabamos todos os anos a esa casa. Non había luz eléctrica. Alumabámonos con carburo. Os meus irmáns e máis eu fixemos algunhas amizades. Había moitos veraneantes nos arredores. Dabamos paseos marítimos nun bote. Eu aprendín a remar. Ao principio, as miñas mans de neno sufrían do contacto dos remos... Encaleceron. Tamén faciamos excursións terra adentro. Por diante da nosa casa pasaban cantando moitos carros de bois, e tamén puchos soltos e rebuldeiros, que os días de feira levaban a vender os seus donos.

Había algunhas romaxes afamadas polos soutos veciños, que se espaxaban polas abas do monte que tiñamos ás costas. Iamos con frecuencia ver á xente que danzaba, aos cegos que tocaban os violíns e ás mozas que os acompañaban co seu canto dándolles aos pandeiros. Mercábannos churros, que daquela eran longos e grosos. Eu observaba os costumes dos paxaros, e aprendín a distinguir un gorrión dun pardal. Na finca entretíñame cazando besbellos e carricantas. Tiña unha caixa chea deles.

O meu irmán Duarte estaba enfermo, e esmorecía. Como non curaba do seu mal, a miña avoa deixouse convencer por alguén de que debía permitir que o visitase un curandeiro que vivía nas



proximidades. Non sei se clandestinamente ou con permiso de meu pai, tal personaxe cruzou a nosa porta. Lembro confusamente o aspecto daquel home. Alto, mouro, con bigote negro, de corpo seco e delgado. Opinou que o neno tiña a paleta caída e había que levantarlle. Non sei que fixo a este efecto. Duarte non mellorou.

Xa esquecín cantos foron os anos que pasamos naquela casa, á beira do mar. Viñamos da cidade en coche de cabalos para instalarnos nela, e volvíamos do mesmo xeito. Era unha viaxe curta. Mais non a faciamos máis que ao principio e ao fin da tempada. Meu pai, e calquera persoa da familia que tivese que facer unha visita á cidade, cruzaba a ría en lancha de vapor, bote ou buceta. Un pequeno peirao, próximo á nosa casa alugada, servía de base ás embarcacións que facían a travesía.

*R Carvalho Calero*





Acabáramos de pasar os veráns à beira do mar, nunha casa con horta, terrado e curro. Voltábamos todos os anos a esa casa. Non había luz eléctrica. Alumiábamo-nos con carburo. Os meus irmáns e máis eu fixemos algunhas amizades. Había moitos veraneantes nos arredores. Dábamos paseios marítimos nun bote. Eu aprendín a remar. Ao principio, as miñas mans de neno sufrían do contacto dos remos. Encaleceron. Tamén facíamos excursións terra adentro. Por diante da nosa casa pasaban cantando moitos carros de bois, e tamén puchos soltos e rebuldóns, que os días de feira levaban a vender os seus donos.

Había algunhas romarias soadas polos soutos viciños, que se espargían polas abas do monte que tiñamos às costas. Íamos con frecuencia ver a xente que danzaba, os cegos que tocaban os violinos e as mozas que os acompañaban co seu canto dando-lles aos pandeiros. Mercábanos churros, que daquela eran longos e grosos. Eu observaba os costumes dos paxaros, e aprendín a distinguir un gorrión dun pardal. Na finca entretiña-me cazando besbellos e carricantas. Tiña unha caixa chea deles.

O meu irmán Duarte estaba enfermo, e esmorecía. Como non curaba do seu mal, a miña aboa deixou-se convencer por alguén de que debía permitir que o visitase un curandeiro que vivía nas



proximidades. Non sei se clandestinamente ou con permiso do meu pai, tal personage cruzou a nosa porta. Lembro confusamente o aspecto daquel home. Alto, mouro, con bigode negro, de corpo seco e delgado. Opinou que o neno tiña a paletilla caída e había que alevantar-lla. Non sei que fixo a ese efecto. Duarte non mellorou.

Ja esquecin cantos foron os anos que pasámos naquela casa, à beira do mar. Viñamos da cidade en coche de cabalos para instalar-nos nela, e volvíamos do mesmo jeito. Era unha viaxe curta. Mais non a facíamos máis que ao principio e ao fin da temporada. O meu pai, e calquer persoa da familia que tivese que facer unha visita à cidade, cruzaba a ria en lancha de vapor, bote ou buceta. Un pequeno peirao, próximo à nosa casa alugada, servía de base às embarcações que facían a travesia.

*Ricardo Carvalho Calero*






Verdadeiramente, a cidade medrou moito desde que a deixara. Hai novas barriadas, novas fábricas, novas igrexas. Hai tranvía e automóbiles. O murallón estendeuse máis. Se quero ver o mar desde a súa beira, xa non podo dispor senón dun oco, un só peirao. Hai moitos cines. Xa non hai ingleses. Xa non hai capela evanxélica. Os días de festa xa non escintilan os deslumbrantes uniformes. Oficiais e soldados visten agora de outro xeito, máis sinxelo, máis esvaído. Choeuse o cemiterio vello, no alto da cidade. A nova necrópole está lonxe, e hai que tomar o autobús se se quer visitar, como non se dispoña de vehículo propio.

Case non fican soportais. Hai moitas casas de cemento. Axiña que chove un pouco, líxanse de tal xeito que son laidas de ver. Clara vive nunha casa das vellas, cun balcón e dous miradoiros, aos que aquí chaman costureiros, porque son axeitados para que as donas se senten neles a coser. Mais agora as mulleres cosen pouco. A casa de Clara está no barrio leste da cidade, no extremo oposto daquel en que nacín. Cando saio, algunhas xentes fálanme.

Xentes que coñeceron a meu pai. Este vello de fermosas barbas e doce sorriso, que foi vicecónsul dunha potencia marítima. Este outro vello, tamén con barbas, pequeno, miúdo, aínda cheo de vitalidade, de movemento, de verba. Aquela



Ricardo Carvalho Calero

HISTORIA da LITERATURA GALEGA. AS-PG

dona que sae da novena, e que assistiu, de meniña, á escola da miña avoa. E algúns da miña idade, compañeiros de colexio. Un que puxo farmacia. Outro que é xuíz municipal. E algún comerciante, e algún médico. Danme noticias doutros que están fóra ou que morreron. A xente óllame con curiosidade e respecto. Cren saber que son rico.

Parentes meus non fican, fóra dalgúns moi afastados. Os vellos faleceron. Os novos deixaron a cidade. O mesmo que moitos vellos amigos. Non teño que facer visitas. Paseo, converso na rúa con alguén, saúdo cortesmente a uns poucos. Logo, volto a casa. Parolo coa miña irmá mentres remexe na cociña. Ou entreteño aos nenos. Ou fumo un charuto co meu cuñado.

Esta é a miña vida de agora. Por un pouco. Axiña Vigo, o transatlántico, A Habana. Entrementes, quero lembrar a miña vida de antano nesta mesma cidade; a miña vida de neno. Aínda que non saiba para que a quero lembrar.

*Ricardo Carvalho Calero*





Verdadeiramente, a cidade medrou muito desde que a deixara. Hai novas bairradas, novas fábricas, novas igrejas. Hai tranvia e automóveis. O murallón estendeu-se máis. Se quero ver o mar desde a sua orela, ja non podo dispor senón dun oco, un só peirao. Hai moitos cines. Ja non hai ingleses. Ja non hai capela evangélica. Os días de festa ja non escintilan os deslumbrantes uniformes. Oficiais e soldados vesten agora de outro jeito, máis singelo, máis esvaído. Choeu-se o cemitério vello, no alto da cidade. A nova necrópole está longe, e hai que tomar o autobus se se quer visitar, como non se dispoña de vehículo propio.

Cuase non fican soportais. Hai muitas casas de cemento. Agiña que chove un pouco, lixan-se de tal jeito que son laidas de ver. Clara vive nunha casa das vellas, cun balcón e dous miradoiros, aos que aqui chaman costureiros, porque son ajeitados para que as donas se senten neles a coser. Mais agora as mulleres cosen pouco. A casa de Clara está no bairro lesta da cidade, no extremo oposto daquel en que nacin. Cando saio, algunhas gentes falan-me. Gentes que coñeceron ao meu pai. Este vello de formosas barbas e doce sorriso, que foi vicecónsul dunha potencia marítima. Este outro vello, tamén con barbas, pequeno, miúdo, ainda cheio de vitalidade, de movemento, de verba. Aquela dona que sai da novena, e que assistiu, de meniña,



Ricardo Carvalho Calero

HISTORIA da LITERATURA GALEGA. AS-PG

à escola da miña aboa. E algúns da miña idade, compañeiros de colégio. Un que puxo farmácia. Outro que é juiz municipal. E algun comerciante, e algun médico. Dan-me noticias de outros que están fora ou morreron. A gente olla-me con curiosidade e respecto. Creen saber que son rico.

Parentes meus non fican, fora de algúns mui afastados. Os vellos faleceron. Os novos deixaron a cidade. O mesmo que muitos vellos amigos. Non teño que facer visitas. Paseio, converso na rua con alguén, saúdo cortesmente a uns poucos. Logo, volto a casa. Parolo coa miña irmá mentres remexe na cociña. Ou entreteño os nenos. Ou fumo un charuto co meu cuñado.

Esta é a miña vida de agora. Por un pouco. Agiña Vigo, o trasatlántico, A Habana. Entramentres, quero lembrar a miña vida de antano nesta mesma cidade; a miña vida de neno. Aínda que non saiba para que a quero lembrar.


*Ricardo Carvalho Calero*





Non. Digades o que queirades, os galos non son agora tan fermosos como nos tempos da miña nenez. Os galos que hoxe vexo, son brancos, grises; as cristas, pequeneiras e moradas; as colas, como de galiña, curtas, raquílicas. Cando eu era un cativo, outros galos nos cantaban. Eran unhas aves ergueitas, lanzais, maxestosas. Cristas vermellas que pandeaban co pesadume, feros peteiros, ollos acesos, colo tornasolado de lene e brando plumaxe, podentes ás, esporas douradas; e a cola un chafarís de lumes e de sombras, con aquelas longas penas, curvadas como caxatos, como báculos de pegureiros, de bispos orientais. Algo de militar, de real, de pontifical había naqueles galos. Capitáns de Flandes, príncipes idumeos, arquimandritas siríacos: feitos todos de lóstregos, de veludos, de arquivoltas, de arcos da vella, de solpores, de roibéns. Así era o galo máis antigo que lembro. Se vivise agora, tería trinta e cinco anos de idade, se cadra. Reinaba no curro daquela casa onde pasabamos o verán. Meu pai viña os sábados. Era novo, e bicábanos con ledicia. Merendabamos torradas de pan con manteiga e azucre. Tiñamos unha cabuxa tan garimosa e tenra, que saía connosco e ía detrás de nós, coma un cadeliño, polas corredeiras, cando andabamos a cazar grilos.

Moito quería eu aos animais.



Ricardo Carvalho Calero

HISTORIA da LITERATURA GALEGA. AS-PG

No curro pasaba unha gran parte do meu tempo ollando para as galiñas. Víaas escaravellar na terra, en procura de vermes e miñocas. Botáballes o millo. Recollía os ovos que anunciaban co seu alporizado cacarexar. Cada ave tiña un nome posto por min, e eran tan estreitas as relacións entre eu e elas, que cheguei a coidar que nos comunicábase co pensamento, e sostíña longos diálogos mentais coas bulidoras pitas e o seu fermoso e acougado rei.

Un refacho de vento, de sócato, conmoveu o ar. E unha nube moura esvarou polo ceo. Laiáronse as árbores docemente, e axiña se velou o sol. A bóveda azul fíxose gris e fría. E a chuvia comezou a caer.

...

*Ricardo Carvalho Calero*



Ilustración: Alberto Toval *As pitas baixo a choiva*. Edicións Embora



Non. Digades o que queirades, os galos non son agora tan formosos como nos tempos da miñanenez. Os galos que hoxe vejo, son brancos, grises; as cristas, pequeneiras e moradas; as colas, como de galiña, curtas, raquenas. Cando eu era un cativo, outros galos nos cantaban. Eran unhas aves ergueitas, lanzais, majestosas. Cristas vermellas que pandeaban co pesadume, feros peteiros, ollos acesos, colo tornasolado de lene e fonge plumage, podentes asas, esporas douradas; e a cola un chafaris de lumes e de sombras, con aquelas longas penas, corvas como cajados, como báculos de pegureiros, de bispos orientais. Algo de militar, de real, de pontifical habia naqueles galos. Capitáns de Flandres, príncipes idumeus, arquimandritas siríacos: feitos todos de lóstregos, de veludos, de arquivoltas, de arcos da vella, de solpores, de roibéns. Así era o galo máis antigo que lembro. Se vivise agora tería trinta e cinco anos de idade, se ca-dra. Reinaba no curro daquela casa onde pasábamos o verán. O meu pai viña os sábados. Era novo, e bicaba-nos con lediza. Merendábamos torradas de pan con manteiga e azúcar. Tíñamos unha cabuja tan garimosa e terna, que saía connosco e ia atrás de nós, como un cadeliño, polas correoiras, cando andábamos a cazar grilos.

Moito quería eu aos animais.



Ricardo Carvalho Calero

HISTORIA da LITERATURA GALEGA. AS-PG

No curro pasaba unha grande parte do meu tempo ollando para as galiñas. Via-as escarabellar na terra, en procura de vermes e miñocas. Botaba-lles o millo. Recollía os ovos que anunciaban co seu alporizado cacarejar. Cada ave tiña un nome posto por min, e eran tan estreitas as relacións entre min e elas, que cheguei a coidar que nos comunicábamos co pensamento, e sostíña longos diálogos mentais coas bulidoras pitas e o seu formoso e acougado rei.

Unha lufada de vento, de sócato, comoveu a ar. E unha nube moura esbarou polo ceu. Laiaron-se as árbores docemente, e agiña se velou o sol. A abóbada azul fixo-se gris e fría. E a chuvia comezou a cair.

...

*Ricardo Calero*



Ilustración: Alberto Toval *As pitas baixo a choiva*. Edicións Embora



## 1910

Nace o 30 de outubro nunha casa da rúa de San Francisco, no Barrio Vello de Ferrol.

Fillo de Gabriel Ricardo Carvalho e M<sup>a</sup> Dolores Calero, impóñesenlle os nomes de Ricardo Leopoldo Ángel Jose Gerardo.

É o maior de seis irmáns: Mario, Dolores, Josefina, Ángel e Gabriel.



FONDO H<sup>º</sup> da LITERATUA GALEGA

Ricardo, primeiro pola esquerda, cos seus irmáns.

## 1919

Morre a súa nai.

## 1920

O seu pai casa con Elvira, irmá da súa muller e madriña de Ricardo.

Aproba, por libre, os exames de ingreso do 1.º curso no *Instituto General y Técnico* Eusebio da Guarda, da Coruña.

## 1923

Golpe de Estado do xeneral Miguel Primo de Rivera.

Creación do Seminario de Estudos Galegos.

## 1926

Matricúlase na facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago de Compostela.



Creación en A Coruña do Seminario de Estudos Galegos, o 13 de abril de 1923.

**1927**

Ingresa no Seminario de Estudos Galegos coa lectura duns poemas titulados *A dor da cantareira*.

**1928**

Publica, en castelán, o poemario *Trinitarias*.

**1930**

Le o discurso inaugural do curso da universidade compostelá.

**1931**

Instauración da II República.

Colabora na redacción do Anteproxecto de Estatuto Galego.

Fundación do Partido Galeguista. Ricardo pasa a formar parte do Consello Asesor.

**1932**

O semanario *A Nosa Terra* pasa a ser o órgano do Partido Galeguista.

Intégrase na Executiva do Partido Galeguista.


**1933**

Entra como funcionario no concello de Ferrol.


Casa con M<sup>a</sup> Ignacia Ramos, a quen coñecera nos anos universitarios.

**1935**

Colabora coa revista *SER* baixo o pseudónimo «Eduardo Colmeiro».



Carné de Ricardo Carvalho Calero como socio activo do Seminario de Estudos Galegos.



En 1928 publicou o poemario *Trinitarias*, en idioma castelán.



Exemplar do Estatuto de Galicia.

## 1936

Finaliza, por libre, os estudos de Filosofía e Letras.

Vótase o Estatuto de Autonomía para Galiza.

Comezo da Guerra Civil.

Alístase como miliciano e participa na defensa de Madrid.

## 1939

Fin da Guerra Civil.

Condenado en Consello de Guerra a doce anos e un día de cárcere.

## 1941

Volta a Ferrol con liberdade provisional.

Traballa como profesor no ensino privado.

## 1950

Traballa en Lugo no Colexio Fingoi como Conselleiro Delegado do Patronato.

Gaña o Premio Bibliófilos Gallegos con *A Xente da Barreira*.

Participa no 1º Consello da Editorial Galaxia.



No Colexio Fingoi, de Lugo, Ricardo traballou durante quince anos como profesor e como Conselleiro Delegado do Patronato.

## 1951

Publicación de *A Xente da Barreira*.

## 1954

Doutoramento en Madrid con unha tese sobre a literatura galega contemporánea.



O plebiscito polo Estatuto de Autonomía Galego aprobouse o 28 de xuño de 1936.

**1958**

Ingresa na Real Academia Galega co discurso *Contribución ao estudo das fontes de Rosalía*.

**1963**

Publicación de *Histoira da literatura galega contemporánea*, na que levaba traballando case dez anos.

**1964**

Deixa o cargo de Conselleiro Delegado do Patronato do Colexio Fingoi e incorpórase á universidade compostelá como profesor interino de Lingua e Literatura Galega.

**1966**

Entra a traballar como profesor oficial no Instituto Rosalía de Castro de Santiago.

Publica *Gramática elemental del gallego común*.

**1972**

Gaña a cátedra de Lingua e Literatura Galega na universidade compostelá.


**1975**

Falece o ditador Francisco Franco.


**1980**

Xubíbase e deixa a docencia.

A Xunta noméao presidente da comisión encargada de elaborar normas ortográficas administrativas para o idioma galego.



Con *A xente da Barreira* gañou o Premio Bibliófilos Gallegos. Foi a primeira novela publicada en galego despois da Guerra Civil.



A redacción da *Historia da literatura galega contemporánea*, publicada en 1963, levoulle a Carvalho Calero dez anos.

**1981**

Fúndase a Asociación Galega da Lingua, AGAL, co obxectivo da incorporación do galego ao ámbito luso-brasileiro.

**1982**

Aprobación pola RAG e o Instituto da Lingua Galega dunha normativa contraria ás teses de Ricardo Carvalho Calero.

**1983**

O Parlamento Galego aproba a Lei de Normalización Lingüística.

**1984**


Recibe a medalla Castelao polo seu labor literario.

**1987**


Publica a novela *Scórpio*.

**1990**

Falece na cidade de Santiago, o 25 de marzo. Entérrase no cemiterio compostelán de Boisaca.



A Asociación Galega da Lingua, AGAL, defende que o idioma galego é unha variante do idioma portugués.



*Scórpio* é unha novela que describe a vida dos vencidos na Guerra Civil.



## POESÍA

*Salterio de Fingoy*, (1961), Colección Salnés, Vigo.

*Pretérito imperfecto (1927-1961)*, (1980), Ediciós do Castro. Colectánea.

*Futuro condicional (1961-1980)*, (1982), Ediciós do Castro. Colectánea.

*Cantigas de amigo e outros poemas (1980-1985)*, (1986), AGAL.

*Reticências...* (1986-1989), (1990), Sotelo Blanco.

*Fillo de Eva*, (1992), Sociedad de Cultura Valle-Inclán. Antoloxía a cargo de Pilar Pallarés.

## TEATRO

*Catro pezas*, (1971), Galaxia.

*Teatro completo*, (1982), Ediciós do Castro.

## NARRATIVA

*A xente da Barreira*, (1951), Bibliófilos Gallegos, Santiago, con ilustracións de A. Portela.

*Narrativa completa*, (1984), Ediciós do Castro; Colectánea.

*Scórpio*, (1987), Sotelo Blanco.

## ENSAIO

*Sete poetas galegos*, (1955). Galaxia.

*Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía*, (1959). Ediciones Celta.

*Versos ñorados e ou esquecidos de Eduardo Pondal*, (1961). Galaxia.

*Historia da literatura galega contemporánea*, (1963, completada en 1975). Galaxia.

*Sobre lingua e literatura galega*, (1971). Galaxia.

*Estudos rosalianos: aspectos da vida e da obra de Rosalía de Castro*, (1979). Galaxia.

*Libros e autores galegos: dos trovadores a Valle Inclán*, (1979), Fundación Barrié/RAG.

*Teatro Nós*, (1979). Follas Novas. Edición e estudo de *O bufón del Rei* (Vicente Risco), *A lagarada* (R. Otero Pedrayo), *Os vellos non deben de namorarse* (Castelao).

*Problemas da lingua galega*, (1981), Sá da Costa Editora.

*Libros e autores galegos II: século XX*, (1982), Fundación Barrié/RAG.

*Da fala e da escrita*, (1983), Galiza Editora.

*Letras galegas*, (1984), AGAL.

*Escritos sobre Castelao*, (1989), Sotelo Blanco.

*Estudos e ensaios sobre literatura galega*, (1989), Edicións do Castro.

*Do Galego e da Galiza*, (1990), Sotelo Blanco (Póstumo).

*Umha voz na Galiza*, (1992), Sotelo Blanco (Póstumo).

*Escritos sobre teatro*, (2000), UDC (póstumo), Edición de Laura Tato.

*Epistolario a Fernández del Riego*, (2006), Galaxia (póstumo).

*Cadernos Ramón Piñeiro XXIII: Epistolario Ricardo Carballo Calero Ramón Piñeiro (Historial dun libro)*, (2015), Edición de Luís Alonso Girgado, Luís Cochón, Nuria Rouco Aneiros, Xurxo Martínez González, Secretaría Xeral de Política Lingüística, Centro Ramón Piñeiro (póstumo).

## **CONVERSAS**

*Carballo Calero. Do galeguismo e da língoa*, Antón L. Galocha, (1977), A Nosa Terra.

*Conversas en Compostela con Carballo Calero*, Miguel Anxo Fernán-Vello e Francisco Pillado, (1986), Sotelo Blanco.

*Conversas con Ricardo Carballo Calero*, Carmen Blanco, (1989), Editorial Galaxia.

*Voz e Siléncio. Entrevista con Carvalho Calero*, Francisco Salinas Portugal (1991), Edicións do Cumio.

## **EDICIÓNS**

*Versos iñorados ou esquecidos, de Eduardo Pondal*, (1961), Galaxia.

*Cantares gallegos, de Rosalía de Castro*, (1969).

*Poesías*, de Rosalía de Castro, con Lydia Fontoira Surís, (1972).  
*Escolma de poemas*, de Ramón Cabanillas, (1976), Real Academia Galega.  
*Prosa galega I: Desde os primeiros oitocentistas ao grupo Nós*, (1976), Galaxia.  
*Escolma de prosa galega*, de Antonio López Ferreiro, (1978), Real Academia Galega.  
*Prosa galega II: Dos novecentistas aos nosos días*, (1978), Galaxia.  
*Prosa galega III: Da época trobadoresca ao neoclasicismo*, (1980), Galaxia.





- Conversas con Carballo Calero.* Blanco García, C. (1989), Galaxia.
- Carballo Calero: política e cultura.* Blanco García, C. (1991), Do Castro.
- Conversas en Compostela con Carballo Calero.* Fernán-Vello e Pillado Mayor, (1986), Sotelo Blanco.
- Carballo Calero.* Fernán-Vello; Pillado Mayor, (1992), Biblioteca 114, El Correo Gallego.
- Historia da literatura galega (2ª ed.).* Fernández del Riego, F.,(1971), Galaxia.
- Ricardo Carvalho Calero: a ciencia ao servizo da nación,* García Negro, Pilar, (2010), Laiovento.
- Historia xeral da literatura galega.* Gómez, A. e Queixas, M., (2001), A Nosa Terra.
- De Pondal a Novoneyra,* Méndez Ferrín, Xosé Luis, (1984), Ed. Xerais.
- Carvalho Calero e a súa obra,* Montero Santalha, José-Martinho, (1993), Laiovento.
- Historia da literatura galega IV. De 1936 a 1975, A "longa noite",* Pena, Xosé Ramón, (2019), Ed. Xerais.

